

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA
UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL ONCE: - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Salvador Durán Bermúdez
D^a M^a Isabel González Domínguez
D. Marcos Guisasola Padín
D^a María Deza Martínez
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Gonzalo Gonzalo Pita
D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. José Buezas Méndez
D^a Vanesa Rodríguez Maneiro
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

CONCELLEIRO NON ASISTENTE:

D. Francisco Villaverde Otero

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do
Concello de Sanxenxo, sendo as nove
horas e trinta minutos do día un de
decembro de dous mil once, **baixo a
Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a.
CATALINA GONZÁLEZ BEA,**
reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as
que ao marxe se relacionan co fin de
celebrar a sesión extraordinaria da
Corporación Municipal en Pleno deste
Concello, convocada para o día de hoxe
en tempo e forma. Pola Presidencia
declárase aberta a sesión.-----

1º : PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA ELEVANDO O PLENO DA CORPORACIÓN A PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE “RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE SANXENXO” : O Sr. Secretario dá lectura a esta proposición do 28 de novembro de 2011 e aclara que, ao tratarse dun asunto non debatido en comisión informativa, procede, no seu caso, ratificar primeiro a súa inclusión na orde do día desta sesión.

A continuación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros da Corporación presentes, acordou ratificar a inclusión deste punto na orde do día.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, considerou que a futura empresa concesionaria se adaptaba a un prezo razoable, esperando que cumpra durante a execución do contrato. O interviniente aludiu a que o problema era a débeda ao actual concesionario e rematou dicindo o positivo que para os veciños era, nestes tempos, non subir a taxa que se cobra por este servizo.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, sinalou que votaría a favor da adxudicación e dixo que, dado que esta empresa era nova en Sanxenxo, esta era a ocasión para marcarlle unhas pautas, proceder á modificación da ordenanza municipal e apostar por novas metodoloxías, evitando situacións lamentables como a limpeza nas rúas dos colectores. Por último manifestou que esperaba que o inventario que se ten que facer ao remate da concesión, tal e como figura no informe da Intervención Xeral, se realizase con rigor, preguntando se ía existir unha comisión especial.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que no día de hoxe conclúe, sen restarlle méritos ao concelleiro de medio ambiente e aos funcionarios que traballaron neste asunto, un proceso longo que durou mais dun ano, considerando que, aínda que no prego non se concretaban algunhas cuestións que agora tampouco se precisan na oferta, o presuposto final encóntrase dentro do admisible. O concelleiro interviniente lamentou que non se contara coa oposición en todo o procedemento de adxudicación e na apertura de plicas, o que sería un exercizo democrático normal e logo este asunto non se ditaminou pola comisión e ten que vir por urxencia, engadindo que o Grupo Municipal do BNG se ía abster en consonancia co papel que se lle deu en todo este proceso. Por último dixo que agardaba que o contratista cumprise co prego de condicións.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, deu as grazas polo tono das intervencións e manifestou que neste procedemento houbo intentos dalgunha empresa para que a adxudicación quedase deserta, conseguindo que algunha non se presentase. Sinalou que o obxectivo deste contrato era mellorar o servizo e que vixiarían o cumprimento do prego ao cen por cen, explicando que, se non fose así, sempre queda a opción do rescate. Polo que respecta a débeda coa actual concesionaria, esperaba liquidala en xaneiro. En canto a alusión feita á ordenanza, non ía contestala porque non se trataba dun tema obxecto deste pleno e, por último, lamentou pola parte que lle poida corresponder, a non participación da oposición na apertura de plicas.

A **Sra. Alcaldesa** deu grazas á oposición polas intervencións que houbo nun punto que foi utilizado politicamente con alusións mesmo a posibles comportamentos delituosos, tratando de torpedear a prestación do servizo, o que non se conseguiu grazas a eficacia do goberno municipal que, a través de distintas adjudicacións, continuou co servizo sen que os veciños notaran problema algún. Proseguiu manifestando que se comprometía a recoller as aportacións que se realicen para a mellora da prestación do servizo, incluído as modificacións das ordenanzas e aludiu a que se esixiría o total cumprimento do contrato nun concello tan especial como este, se ben a empresa que va entrar ten experiencia en concellos destas características. Tamén aludiu a que se ía crear unha comisión técnica para redactar o inventario previo a liquidación do contrato, tal e como se sinalaba no informe do interventor e desmentiu que o concello deba 1.800.000 euros a actual concesionaria, explicando que si ben este concello ten dificultades, como todos na actualidade, tamén ten establecido formulas de pagamento que se están a respectar.

Antes de someter o asunto a votación, a **Sra. Presidenta** fixo constar que a razón do tratamento deste asunto sin ditame da comisión, aínda que se informou nunha sesión da comisión que lle correspondía, era que o prego establecía un prazo de cinco días hábiles dende a presentación pola empresa o venres día 25 de novembro de 2011 da documentación requirida, entre ela o aval polo importe íntegro do contrato, que finalizaba o día de hoxe, para acordar a adjudicación.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposición a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 4 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, a **Corporación Municipal en Pleno**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“””PRIMEIRO: adjudicar a empresa **“ASCÁN EMPRESA CONSTRUCTORA Y DE GESTIÓN S.A.”** a contratación, mediante a modalidade de concesión, da xestión do servizo de **“RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE SANXENXO”** polo prezo de **1.139.760,00 €/ano IVE incluído**, para un período de duración do contrato de **OITO (8) ANOS**, contados **a partir do 23 de xaneiro de 2.012**, coa posibilidade de dúas prórrogas, unha primeira de **TRES (3) ANOS**, a contar dende a data de finalización do período de duración do contrato sen prórrogas e outra de **DOUS (2) ANOS**, a contar dende a data de finalización da primeira prórroga, ata un máximo de **TRECE (13) ANOS**.O contrato executarase con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao Proxecto Municipal de Explotación, que contén o prego de prescricións técnicas e a oferta presentada polo adjudicatario.

SEGUNDO: o contrato formalizarase en documento administrativo no prazo dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adjudicación.”””””-----

2º : PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA DISOLUCIÓN DO “CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA COMARCA DO SALNÉS” : O Sr. Secretario dá lectura a esta proposición do 28 de novembro de 2011 e aclara que, ao tratarse dun asunto non debatido en comisión informativa, procede, no seu caso, ratificar primeiro a súa inclusión na orde do día desta sesión.

A Sra. Presidenta someteu a votación a ratificación da inclusión deste punto na orde do día desta sesión, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **14 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en contra: **0.**

Votos pola Abstención: **2 (Grupo Municipal do BNG).**

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, acordou ratificar a inclusión deste punto na orde do día desta sesión.

A Sra. Presidenta lembrou que o día 25 de novembro de 2011 chegou ao concello un documento do consorcio solicitando un acordo municipal para a disolución daquel a efectos da posterior integración no provincial, debido as dificultades dos diversos concellos para mantelo, sendo esta a razón pola que este asunto se trataba por esta vía.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Mixto Sanxenxo Agrupación Liberal, dixo que o seu grupo se ía abster posto que se ben os tempos actuais van pola idea de reducir custos, tamén é certo que debía comprobarse se os servizos a prestar ían ser os mesmos.

A Sra. Aguiñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, sinalou que votarían a favor da proposición pero, coa salvidade de facer constar que, na realidade, este consorcio pareceulle un “chiringuito” creado para dar cobertura económica a unha persoa que foi ex alcalde, agora que xa volveu ocupar ese cargo decídese disolver o consorcio.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, explicou que votarían en contra da proposición e mostrouse de acordo co derradeiro afirmado pola voceira do grupo socialista, lamentando que se extinga unha “oficina de colocación” para ir a outra como é a Deputación. O interviniente matizou que este asunto probaba a intención do Partido Popular de ir eliminando organismos por entender que xa estaba a Deputación para cumprir esas funcións, postura contraria a manifestada polo interviniente ao entender que, precisamente, o que sobra é a Deputación e o que había de potenciar eran as mancomunidades de concellos, vaticinando que cara ao futuro ían desaparecer estas organizacións municipais e, entre elas, a do Salnés. Rematou a súa alocución para destacar que o deficitario funcionamento do consorcio non xustifica a súa supresión e integración no da Deputación Provincial.

A Sra. Alcaldesa sinalou que os servizos se ían seguir prestando onde están

actualmente, retocando os custos posto que os concellos non poden asumilos, sendo esta unha aspiración na que se leva traballando dende hai tempo. Tamén aludiu a que non vai entrar na polémica mancomunidades ou deputación, pero mentres esta última exista, o seu obxectivo ten que ser axudar aos concellos. Precisou que cando se creou este consorcio, en marzo de 1999, estaba de alcalde a persoa aludida pola voceira do PSOE, co que se proba que o seu obxectivo non era colocar a ninguén, o certo é que os servizos se crean cando son necesarios e, posteriormente, se poñen ao fronte dos mesmos as persoas de confianza dos distintos gobernos. Finalmente deixou constancia do bo funcionamento que tivo o consorcio respecto das actuacións que afectaron ao Concello de Sanxenxo.

A **Sra. Aguíñ Pombo** especificou que non cuestionaba nin a calidade do servizo nin a extinción do consorcio, pero se se ratificaba na anterior intervención, engadindo que non se levaba traballando tanto tempo na supresión como dixo a alcaldesa, xa que o pleno do consorcio foi do 22 de setembro deste ano e que a política seguida respecto deste consorcio tamén se ía ampliar a outros entes como “Xestur”.

O **Sr. Otero Domínguez** sinalou que era procedente o debate mancomunidades ou deputación xa que canto máis deíxese de compartir entre concellos máis poder terán as deputacións, polo que o Partido Popular tratará de eliminar as organizacións de concellos en vez de darlles a personalidade xurídica axeitada, repetindo que o inaceptable modelo de xestión que se seguía no consorcio non xustifica que éste pase á Deputación Provincial, aludindo a que a solución sería sinxela se se transferisen os recursos da deputación aos concellos.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que, independentemente da data do acordo de iniciación do expediente de disolución, o interese dos concellos na supresión viña de lonxe, lembrando reunións co conselleiro e co delegado provincial nas que xa se tratou este tema con moita antelación ás eleccións municipais e, polo tanto, sen saber os que ían ser ou non alcaldes.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposición a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 2 (Grupo Municipal do BNG) .

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, a **Corporación Municipal en Pleno**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“”””Acordar a **disolución** do **CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA COMARCA DO SALNÉS**””””.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as dez horas e trinta minutos, de todo o que, eu **Secretario, DOU FE:**